

03/11/2022

I JORNADA DE BIBLIOTECAS ESPECIALIZADAS

A I Jornada de Bibliotecas Especializadas, que se celebrará o próximo 17 de novembro de 2022 no Auditorio San Marcos da sede do Ministerio de Cultura e Deporte (Madrid) en formato híbrido (presencial e virtual), iniciárase baixo o lema "*¿Invisibles? Imprescindibles*". Na súa organización interveñen conxuntamente a Dirección General del Libro y Fomento de la Lectura, a través da Subdirección General de Coordinación Bibliotecaria e a Comisión Técnica de Cooperación de Bibliotecas Especializadas do Consejo de Cooperación Bibliotecaria e conta coa colaboración da Federación Española de Sociedades de Archivística, Biblioteconomía, Documentación y Museística (FESABID).

A finalidade desta primeira xornada é ser un lugar de encontro dos profesionais e un punto de partida para a realización de encontros sucesivos centrados en temas concretos. Así, os seus obxectivos están orientados a:

- Fomentar o coñecemento e a colaboración co labor da CTC de bibliotecas especializadas.
- Fomentar a visibilidade das bibliotecas especializadas e as redes de bibliotecas especializadas.
- Promover o intercambio de propostas e experiencias entre profesionais das bibliotecas especializadas.

Podes consultar o programa e ampliar información premendo [aquí](#).



DOCUMENTOS E LIGAZÓNS

[Información I Jornada de Bibliotecas Especializadas](#)

[Formulario de inscripción](#)

<https://rbgalicia.xunta.gal/gl/actualidade/avisos/i-jornada-de-bibliotecas-especializadas>